

COMITÉS DE ÉTICA ASISTENCIAL: FUNCIONES

FUNCIONES DOS COMITÉS DE ÉTICA ASISTENCIAL

O Comité de Ética Asistencial (CEA) é un órgano consultivo e interdisciplinar ao servizo dos profesionais e dos usuarios dos centros sanitarios, constituído para analizar e asesorar na resolución de conflitos éticos que poidan xurdir como consecuencia do labor asistencial. O seu obxectivo final é mellorar a dimensión ética da práctica clínica e a calidade da asistencia sanitaria.

O comité poderá ser requirido na súa función asesora polos pacientes, a través do Servizo de Atención ao Paciente; polos profesionais sanitarios, e pola institución, a través da propia secretaría do comité.

Correspóndelles aos comités de ética asistencial asesorar e emitir informes sobre as cuestións éticas relacionadas coa práctica clínica que se produzan nas institucións sanitarias, co fin de mellorar a calidade da asistencia sanitaria; para tal efecto, ha de:

- Protexer os dereitos dos pacientes.
- Analizar e facilitar o proceso de decisión clínica nas situacións que presentan conflitos éticos entre os seus intervinientes: o persoal sanitario, os pacientes ou usuarios e as institucións.
- Propoñerlle á institución protocolos de actuación para as situacións nas que xorden conflitos éticos graves ou de xeito reiterado.
- Colaborar na formación bioética dos profesionais do hospital e de atención primaria e, moi en particular, na dos membros do comité.
- Elaborar a memoria anual das actividades do comité.

NON SERÁN FUNCIONES DOS COMITÉS DE ÉTICA ASISTENCIAL:

- Promover actuacións xurídicas directas en relación coas persoas ou a institución.
- Realizar xuízos sobre a ética profesional ou as condutas do persoal sanitario e dos pacientes ou usuarios.
- Propoñer sancións.
- Subrogarse ou substituír a responsabilidade de quen pediu o seu asesoramento.
- Tomar decisións de carácter vinculante.
- Substituír os comités éticos de investigación clínica.
- Realizar estudos co obxectivo fundamental de analizar os asuntos sociais e/ou económicos, directa ou indirectamente relacionados coa asistencia sanitaria.
- Asesorar ou emitir un informe nos supostos nos que o interesado presentase por escrito unha queixa ou reclamación xudicial ou administrativa.

Código Ético da Área Sanitaria Pontevedra e O Salnés 



Poster Comité de Ética Asistencial 



